


AÑO INTERNACIONAL DE LA ASTRONOMÍA 2009
EL UNIVERSO PARA QUE LO DESCUBRAS



Asociación Cultural Foula
Taller de Astronomía

RUA CANLE S/N
www.aristarco.org/Foula/Foula.htm
Correo electrónico: aristarco@aristarco.org
Tfno: 679850702 OURENSE

NOTAS

ASOCIACIÓN CULTURAL FOULA

TALLER DE ASTRONOMÍA

Ed: galego

CADERNO DIDÁCTICO Nº 1

MANEXO BÁSICO DO TELESCOPIO Montura ecuatorial



POSTA EN ESTACIÓN

O manexo do telescopio astronómico é moi sinxelo, a aparente complexidade técnica que a primeira vista supón para o principiante o seu deseño, dilúese en canto se monta, ata o punto de converterse nunha simple rutina antes de cada observación. Basicamente o protocolo de actuación é o seguinte: Axustar a latitude e orientalo á estrela polar, así de simple.



O primeiro que temos que facer é axustar a montura ecuatorial ca latitude do lugar de observación, en Ourense 42 grados. Afrouxamos o embrague da latitude e co tornillo de axuste apretamos o afrouxamos ata que o indicador marque a latitude correcta.



Despois orientamos o telescopio cara o Norte como se indica. Así conseguimos co eixe de xiro horario do telescopio (Eixe de ascensión recta) sexa paralelo ó eixe de rotación da Terra. Cando teñamos centrada a estrela polar teremos o telescopio en estación.

**NUNCA MIRAR Ó SOL CO TELESCOPIO.
PERIGO DE CEGUEIRA INSTANTÁNEA**

MANEXO E ACCESORIOS



Agora só temos que buscar unha estrela de coordenadas coñecidas xirando os mandos de ascensión recta e declinación. Facemos coincidir as coordenadas da estrela cos círculos graduados que se poden ver inscritos nos eixes de xiro e agora coñecendo as de outro astro só temos que accionar os mandos ata que os círculos graduados nos indiquen as novas coordenadas. O telescopio apuntará aproximadamente ó obxecto que buscamos. Xa que a Terra rota debemos xirar periodicamente o mando de ascensión recta para manter a estrela no campo do telescopio.

Os oculares nos permiten variar os aumentos do telescopio. Os números que teñen inscrito indican a súa focal. Na práctica, dividindo a focal do telescopio entre a focal do ocular obtense o aumento. Cun telescopio de 1000 mm de focal e un ocular de 10 mm. Os aumentos serían 100, se o ocular é de 20 mm de focal os aumentos serían 50. E dicir

A máis focal do ocular menos aumento.

UN CONSELLO

Para buscar un astro é mellor empezar co ocular de menos aumento (Máis focal), cando o teñamos centrado poderemos cambiar. Non abuse dos aumentos. É preferible unha imaxe pequena con detalle que unha grande e borrosa.



A lente de Barlow aumenta o poder de ampliación dos oculares, para utilizala introducir o ocular na lente de barlow e apretar o tornillo que posúe, despois introducir o montaxe no telescopio e observar normalmente.